

Sra. conselleira do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO de COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/1/17

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2017

Sra. conselleira:

El Reglamento (UE) Nº 1380/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 11 de diciembre de 2013, sobre política pesquera común, no seu artigo 17 establece que os Estados membros, para asignar as posibilidades de pesca que teñan á súa disposición, aplicarán criterios transparente e obxectivos, incluídos aqueles de carácter medioambiental, social e económico. Os criterios empregados poderán incluír, entre outros, o impacto da pesca no medio ambiente, o historial do seu cumprimento, a súa contribución á economía local e os niveis históricos de capturas. Os Estados membros, dentro das posibilidades de pesca que lle foran asignadas, esforzaranse por prever incentivos aos buques pesqueiros que utilicen artes de pesca selectivos ou técnicas de pesca cun reducido impacto ambiental, tales como un baixo consumo de enerxía ou os menores danos posibles ao hábitat.

Nesta liña o artigo 27 do citado regulamento preceptúa que a distribución de posibilidades de pesca poderá cifrarse en volumes de capturas, esforzo de pesca, tempo de pesca ou presenza en zonas de pesca.

Así mesmo, no seu apartado terceiro, sinala os seguintes criterios de reparto:

- a) Actividade pesqueira desenvolvida historicamente, cifrada en volume de capturas, esforzo de pesca, tempo ou presenza na zona en cada caso.
- b) As súas características técnicas
- c) Os restantes parámetros do buque, así como as posibilidades de pesca de que dispoña, en canto optimicen a actividade do conxunto da flota.

Rematada hai un mes a negociación anual do sector pesqueiro entre a Unión Europea e o Estado español, interesa a esta institución coñecer os criterios de reparto da cota asignada a Galicia das especies pesqueiras con TACs nas zonas pesqueiras VIII C, de Fisterra a Vizcaya, e IX A, de Fisterra ao Golfo de Cádiz.

En relación coa devandita problemática pesqueira, esta institución ao abeiro do artigo 22.1 da lei autonómica 6/84, de 25 de xuño, considera oportuna unha investigación sumaria e informal, coa finalidade de ser informada no prazo de 15 días hábiles, sobre a distribución dos TACs nas modalidades de arrastre, cerco e outras modalidades, nas devanditas zonas pesqueiras, anteriormente subliñadas, así como os criterios de reparto e reservas.

Agradézolle de antemán a remisión do devandito informe e saúdoa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano s/n
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/1/17

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

Sra. conselleira:

Por mor da queixa iniciada de oficio por esta Institución sobre os criterios de reparto da cota asignada a Galicia das especies pesqueiras con TACs nas zonas pesqueiras VIIC, de Fisterra a Vizcaya, e IXA, de Fisterra ao Golfo de Cádiz, coa data do 2 de xaneiro (Rexistro de saída 234/17), requiríuse desa consellería a remisión dun informe.

Transcorrido amplamente o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir a súa información, requíreselle a través deste escrito para que dea cumprimento urxente ao preceptuado na citada lei autonómica (adiantando o informe vía fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de tódolos poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da citada Lei).

Reciba un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano s/n
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: F.7.Q/1/17

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Sra. conselleira:

Acusámoslle a recepción do seu escrito do 31 de xaneiro (R. saída 8516 / RX 151353), e do informe do reparto de cotas para a flota galega que nos traslada, en relación co expediente de queixa referenciado, iniciado de oficio por esta institución.

Tomamos coñecemento do proceso de asignación de cotas, das actuacións practicadas pola administración autonómica, así como do cadro explicativo das vendas ata a anualidade 2016.

Satisfeita a nosa iniciativa, que terá reflexo no informe ordinario do ano 2016 desta institución, agradecemos a súa colaboración.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo